

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1 - Teléfono 218204

VIGO -6-maio-1970

Sr. D. Luís Tobío  
M a d r i d

Meu querido amigo:

Recibín a seu tempo a túa carta, como comprenderás. Agora chegaronme as probas correxidas do teu traballo pra "Grial". Faranse as separatas que pides, cando o número se publique.

Estiven tratando de localizar a Fernández de Córdoba, pra lle pedir as cousas que che interesaban. Pero ese home anda con frecuencia fora de Vigo e non puider dar con el.

Por tal motivo optéi por recurrir á Biblioteca Penzol. Onte mandeiche por correo certificado o "Bosquejo histórico", e o número do "Museo de Pontemedra" no que figura o artigo que me pedías.

Estimaríache moito que tiveses conta de ambos volumes, e que mos devolveses tan axina como fagas uso deles, pois na Biblioteca non hai duplicados.

Alédame moito a nova de que este ano vireses á Guardia. Confío en que nos vexamos, como é natural.

Garimosos saúdos a todos vós da miña mueller e máis meus, e pra ti a cordial aperta de sempre, de

